

BASES DO XV CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES 2009 DO CONCELLO DE PONTECESO:

Coa finalidade de promocionar e recuperar unha festa tradicional popular como é o Antroido, a Concellería de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este DESFILE de acordo coas seguintes bases:

Primeira: Descrición

Consistirá nun desfile de disfraces, no cal poderán participar tódolos públicos, que se inscriban previamente nos lugares e prazos sinalados.

Segunda: Percorrido

Saída e chegada á Praza do Relleno, percorrendo as rúas e prazas do núcleo de Ponteceso. Os participantes que opten a algunha axuda teñen a obriga de participar neste percorrido.

Terceira: Axudas

Co obxecto de fomentar a participación e colaborar economicamente na confección dos traxes, carrozas, etc., o Concello de Ponteceso convoca unhas axudas destinados a grupos e persoas, de acordo coas seguintes categorías:

GRUPOS DE 15 OU MÁIS PERSOAS	GRUPOS DE 6-14 PERSOAS	GRUPOS DE 5 OU MENOS PERSOAS, OU INDIVIDUAL
<ul style="list-style-type: none">Axuda: 120 € a cada grupo, que realice actuación e participe no percorrido. <p>* neste apartado existe un máximo de 600 €, que de seren máis de cinco grupos, repartirán este importe entre todos.</p>	<ul style="list-style-type: none">Axuda: 80 € a cada grupo, que realice actuación e participe no percorrido. <p>* neste apartado existe un máximo de 400 €, que de seren máis de cinco grupos, repartirán este importe entre os participantes nesta categoría.</p>	<ul style="list-style-type: none">Axuda: 50 € a cada grupo ou persoa, que realice actuación e participe no percorrido. <p>* neste apartado existe un máximo de 200 €, que de seren máis de catro participantes nesta categoría, repartirán este importe entre eles/as.</p>

- É obrigatorio, para optar ás axudas económicas: facer o percorrido polas rúas do pobo, subir ó palco a representar unha actuación (musical, teatral, etc.) ou ben realizar unha exhibición das carrozas ou outros acompañamentos.
- As axudas serán entregadas en metálico.

Unha vez lidas as condicións da participación no XV Desfile de Antroido do Concello de Ponteceso, e aceptando as mesmas, desexa participar no desfile:

NOME DO GRUPO/PERSOA e Nº DE MEMBROS/AS:

ACTUACIÓN A REPRESENTAR:

En Ponteceso, a de xaneiro de 2009.

Asina:

Nome e DNI: